

## CICLO DE CONFERENCIAS. PASADOS INCÓMODOS: GUERRA, MEMORIA E HISTORIA 2019-2020

O Grupo de Investigación HISTAGRA continúa co ciclo de conferencias **PASADOS INCÓMODOS: GUERRA, MEMORIA E HISTORIA**, no que participan especialistas da historia, estudos culturais, socioloxía e do pensamento para analizar o pasado e a memoria, así como o seu tratamento presente.

O Grupo de Investigación HISTAGRA (<http://histagra.usc.gal>) ten como un dos seus principais obxectivos o estudo do golpe de estado de 1936, a Guerra Civil, o franquismo e a transición política en España e neste marco de investigación se desenvolverá o ciclo de conferencias.

Damos continuidade ao ciclo que comezamos en xaneiro de 2014. A experiencia investigadora e profesional de cada un dos conferenciantes é contrastada o que supón compartir unha experiencia de investigación e posta en valor dun tema como é o do pasado da guerra e a memoria que segue a ser un dos vértices das políticas públicas e da investigación histórica. O ciclo servirá para dar a coñecer e difundir novas perspectivas e contrastar puntos de vista e achegas sobre o pasado incómodo e o seu tratamento actual.

## PROGRAMA

<p><b>10/10/2019</b> Título: ¿Legados franquistas o regresión democrática? Relator: Ignacio Sánchez-Cuenca Rodríguez (UCM) Hora: 12 h Lugar: Facultade de Historia. Aula 9</p>	<p><b>20/02/2020</b> Título: Galegos na intervención colonial española no Magreb: Submisos e invisibles? Relator: Dionisio Pereira (Investigador) Hora: 12 h Lugar: Facultade de Historia. Aula 13</p>
<p><b>16/01/2020</b> Título: A natureza disonante do patrimonio: dispositivos para airear disensos Relatora: Cristina Sánchez-Carretero (Incipit-CSIC) Hora: 12 h. Lugar: Facultade de Historia. Aula 13</p>	<p><b>10/03/2020</b> Título: Construcción de la identidad en contexto de resistencia. Sexualidades subalternas durante el franquismo según sus textos Relator: Víctor Mora Gaspar (UAM) Hora: 12 h Lugar: Facultade de Historia. Aula 13</p>
<p><b>14/02/2020</b> Título: Negacionismo histórico no século XXI: o governo Bolsonaro e a ditadura militar brasileira Reator: Paulo César Gomes (Universidade Federal de Fluminense) Hora: 12 h. Lugar: Facultade de Historia. Aula 13</p>	<p><b>26/05/2020</b> Título: Ministerios Orwellianos de la verdad". Vanguardia musical y Guerra Fría en España Relator: Enrique Sacau (Investigador) Hora: 12 h Lugar: Facultade de Historia. Aula 13</p>

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA


Fundo Europeu de  
Desenvolvimento Regional



**10/10/2019**

Título: ¿Legados franquistas o regresión democrática?  
Relator: Ignacio Sánchez-Cuenca Rodríguez (UCM)  
Hora: 12 h  
Lugar: Facultade de Historia. Aula 9


Ignacio Sánchez-Cuenca é un sociólogo, filósofo e profesor de ciencia política na UCM. Impartiu clases en diferentes universidades e ten colaborado en diferentes medios tanto escritos como audiovisuais. A súa investigación relaciónase co terrorismo e a política comparada. Entre as súas publicacións están, *Atado y mal atado. El suicidio institucional del franquismo y el surgimiento de la democracia* (2014); *La impotencia democrática. Sobre la crisis política española* (2014), *La desfachatez intelectual* (2016); *La confusión nacional. La democracia española ante la crisis catalana* (2018) ou *La superioridad moral de la izquierda* (2018).



**16/01/2020**

Título: A natureza disonante do patrimonio: dispositivos para airear disensos  
Relatora: Cristina Sánchez-Carretero (Incipit-CSIC)  
Hora: 12 h.  
Lugar: Facultade de Historia. Aula 13

Cristina Sánchez-Carretero é antropóloga, doutora pola Universidad de Pennsylvania. Actualmente é científica titular do (Incipit) do CSIC, onde coordina a especialidade de antropoloxía. A súa investigación céntrase nos procesos de patrimonialización e tradicionalización nas sociedades contemporáneas, estudo de novos rituais de duelo e a intersección entre os procesos migratorios e a revitalización de prácticas relixiosas. Entre os seus libros destacan *Grassroots Memorials. The Politics of Memorializing Traumatic Death* (2011) e *El Archivo del Duelo. Análisis de la respuesta ciudadana ante los atentados del 11 de marzo en Madrid* (2011). Forma parte do comité executivo da Asociación Internacional de Etnoloxía (SIEF).



**14/02/2020**

Título: Negacionismo histórico no século XXI: o governo Bolsonaro e a ditadura militar brasileira  
Reator: Paulo César Gomes (Universidade Federal de Fluminense)  
Hora: 12 h.  
Lugar: Facultade de Historia. Aula 13

Paulo Cesar Gomes é editor-xefe da web *História da Ditadura*. Posdoutorando en *História* na U. Fed. de Fluminense e doutor en *História* pola U. de Río de Janeiro. Estadia no Institut des hautes études de l'Amérique latine. É autor dos libros *Os bispos católicos e a ditadura militar brasileira* e *Liberdade vigiada: as relações entre a ditadura militar brasileira e o governo francês*. Foi investigador da Comissão Nacional da Verdade de Brasil.

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de  
Desenvolvimento Regional



**20/02/2020**


Título: Galegos na intervención colonial española no Magreb: Submisos e invisibles?

Relator: Dionisio Pereira (Investigador)

Hora: 12 h

Lugar: Facultade de Historia. Aula 13

Dionisio Pereira é economista e historiador. Formou o Colectivo de Historia Xerminal. En 1994 foi elixido primeiro presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial. Entre 2006 e 2013 participou no proxecto Nomes e Voces. Entre os seus últimos traballos están, Galegos nas guerras do Rif: Paisaxe bélica e imaxinario anticolonial (1860-1927) e Escritos africanos. Entre Galicia y el Rif: una mirada desde la periferia.



**10/03/2020**

Título: Construcción de la identidad en contexto de resistencia. Sexualidades subalternas durante el franquismo según sus textos

Relator: Víctor Mora Gaspar (UAM)

Hora: 12 h

Lugar: Facultade de Historia. Aula 13

Víctor Mora Gaspar é doutor internacional en Estudos Artísticos, Literarios e da Cultura e Máster en Teoría Crítica Cultural. Ademais, é escritor e activista, membro da Asociación Memorias en Red e do Centro Iberoamericano de Estudos sobre Sexualidades. O seu libro Al margen de la naturaleza. La persecución de la homosexualidad durante el franquismo (Debate, 2016) foi recoñecido co I Premio Pilar Azcárate (2015) e co I Premio Sagasta de Ensaio (2016).



**26/05/2020**

Título: Ministerios Orwellianos de la verdad".

Vanguardia musical y Guerra Fría en España

Relator: Enrique Sacau (Investigador)

Hora: 12 h

Lugar: Facultade de Historia. Aula 13

Enrique Sacau (Vigo, 1979) é doutor en historia da música pola Universidade de Oxford., e gradúado na Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente desenvolve traballos de CEO en diversas empresas do reino Unido

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de  
Desenvolvimento Regional

## CICLO DE SEMINARIOS HISTAGRA 2019-2020

O Grupo de Investigación HISTAGRA (Historia Agraria e Política de Galicia. Séculos XIX e XX) presenta ciclo de Seminarios de Investigación do curso 2019-2020.

Os Seminarios de HISTAGRA son un punto de encontro para o debate colectivo entre estudantes, investigadores, especialistas, e en xeral, todas aquelas persoas interesadas nas liñas de investigación do noso Grupo de traballo dos investigadores/as que convidamos a presentar proxectos en curso e novos resultados de investigación.

### PROGRAMA:

**15/11/2019**

Título: O turismo moderno en España, 1900-1939: algunhas cuestións metodolóxicas e indicadores  
Relator: Rafael Vallejo (UdV)  
Hora: 12 h  
Lugar: Facultade de Historia. Aula Máster Contemporánea

**13/12/2020**

Título: Aldeas galas: as aldeas que resisten na periferia das cidades  
Relatora: Uxía Iglesias (Xornalista)  
Hora: 12 h.  
Lugar: Facultade de Historia. Aula Máster Contemporánea

**07/02/2020**

Título: La utilidad de la Historia en la cooperación al desarrollo  
Relator: José Antonio Serrano Álvarez (Investigador)  
Hora: 12 h  
Lugar: Facultade de Historia. Aula Máster Contemporánea

**13/03/2020**

Título: El problema del urbanismo y la vivienda obrera durante el desarrollismo franquista en Bizkaia  
Relator: José Antonio Pérez Pérez (UPV)  
Hora: 12 h  
Lugar: Facultade de Historia. Aula Máster Contemporánea

**8/05/2020**

Título: Clase y trabajo femenino en la España rural del primer franquismo  
Relatora: Eider de Dios  
Hora: 12 h  
Lugar: Facultade de Historia. Aula Máster Contemporánea

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de  
Desenvolvemento Regional



Cátedra Juana de Vega de  
Historia Contemporánea

## RELATORXS



**15/11/2019**

Título: O turismo moderno en España, 1900-1939: algunhas cuestións metodolóxicas e indicadores

Relator: Rafael Vallejo (UdV)

Hora: 12 h

Lugar: Facultade de Historia. Aula Máster Contemporánea

Rafael Vallejo Pousada é Catedrático de Historia e Institucións Económicas no Departamento de F. da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas da Universidade de Vigo. Foi investigador visitante no Institut Jean-Baptiste Say, Université Paris na University of Warwick, na Universidade de Alcalá e na Complutense así como na sección de Historia Económica do Servizo de Estudos do Banco de España. Entre outros traballos, A desamortización de Mendizábal na provincia de Pontevedra, 1837-1844 (1993); Reforma tributaria y fiscalidad sobre la agricultura en la España liberal, 1845-1900 (2001); El gran viaje: sesenta años de turismo en España (2015) e Guía Turística do Conxunto Histórico de Combarro. Historia, Arquitectura e Patrimonio cultural (2017).



**13/12/2020**

Título: Aldeas galas: as aldeas que resisten na periferia das cidades

Relatora: Uxía Iglesias (Xornalista)

Hora: 12 h.

Lugar: Facultade de Historia. Aula Máster Contemporánea

Uxía Iglesias é Xornalista.: “Nacín en Xanceda, unha aldea do interior de Galicia. Cando conto a realidade, ben sexa a través do papel, da fotografía ou do vídeo, nunca me esquezo do lugar en que me criei, porque ese lugar defíneme e dáme as referencias fundamentais para comprender as diversas realidades”  
Un dos seus traballos máis recoñecidos é o de Aldeas galas: <https://www.aldeasgalas.gal>

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de  
Desenvolvemento Regional



Cátedra Juana de Vega de  
Historia Contemporánea



**07/02/2020**

Título: La utilidad de la Historia en la cooperación al desarrollo

Relator: José Antonio Serrano Álvarez (Investigador)

Hora: 12 h

Lugar: Facultade de Historia. Aula Máster Contemporánea

José Antonio Serrano Álvarez é Licenciado en Historia Contemporánea e doutor en Historia Económica cunha tese sobre os comunais na provincia de León entre 1850 e 1936, cuxo título é La pervivencia del comunal en la transición a una economía capitalista, León (1800-1936). Actualmente traballa como consultor no sector da cooperación ao desenvolvemento. Ten realizado varias publicacións sobre comunais na provincia de León, e en 2005 gañou o Premio da SEHA. Foi profesor da UOC, da UB e da UC3. Entre os seus traballos está, Forestry conflict in Spain: Rethinking peasant protest and resistance; Commons and poor relief in preindustrial societies. A case study on northwest Spain (León), 1850–1950 ou Reviviendo el sueño de varias generaciones: comunales y reforma agraria en la provincia de León durante la II República (1931-1936).

**13/03/2020**

Título: El problema del urbanismo y la vivienda obrera durante el desarrollismo franquista en Bizkaia

Relator: José Antonio Pérez Pérez (UPV)

Hora: 12 h

Lugar: Facultade de Historia. Aula Máster Contemporánea

José Antonio Pérez Pérez é doutor en Historia e profesor na UPV. Historiador do Instituto de Historia Social Valentín de Foronda da UPV/EHU. As súas liñas de investigación son, a Historia social, a Historia laboral, a Historia oral e a Violencia política no século XX. Coordinou con José María Ortiz de Orruño Construyendo memorias. Relatos históricos para Euskadi después del terrorismo (2013)

**8/05/2020**

Título: Clase y trabajo femenino en la España rural del primer franquismo

Relatora: Eider de Dios

Hora: 12 h

Lugar: Facultade de Historia. Aula Máster Contemporánea

Eider de Dios é doutora en historia contemporánea na UPV coa tese, Sirvienta, empleada, trabajadora de hogar. Género, clase e identidade a través del servicio doméstico en el Gran Bilbao (1939-1985). Na actualidade é profesora da UPV, na facultade de Ciencias Sociales y de la Comunicación. Gañadora do premio Victoria Kent en 2017.

Patrocina:



**Cátedra Juana de Vega de  
Historia Contemporánea**